CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL

# ACTIVIDADES 2015

CES GALICIA

Consello Económico e Social de Galicia

**Consello Económico e Social de Galicia**

Algalia de Abaixo 24,
15704 Santiago de Compostela (A Coruña)

www.ces-galicia.org



Rematou neste exercicio o mandato de catro anos que comenzábamos no verán do 2011. É un momento para facer balance y podo afirmar que os axentes económicos e sociais presentes no Consello lograron afianzar e consolidar o papel deste organismo como foro de diálogo e consenso.

A actividade consultiva do CES en 2015, como xa ocurrira no ano anterior, veu condicionada polo moi limitado número de ditames sobre iniciativas lexislativas do Executivo que tiveron entrada para o correspondente ditame. En troques, o Consello centrou o seu labor na elaboración da Memoria, os informes e a colaboración con outras entidades, entre as que salienta a celebración de varias xornadas sobre aspectos da realidade socioeconómica de Galicia.

Nesta memoria de actividades recollemos, como vimos facendo desde hai case que dúas décadas, as principais actividades desenvolvidas polo Consello Económico e Social de Galicia no último ano.

Os primeiros apartados están adicados, como é habitual, a describir qué o o CES, o seu funcionamento e forma de traballar. Tamén se recolle a composición do organismo, coas persoas, entidades e organizacións que forman o Pleno e os distintos

órganos colexiados, así como o número de sesións dos mesmos e os principais contidos das súas reunións.

Pero a memoria céntrase de seguido nos principais traballos aprobados polo Consello ao longo do ano, sobre todo na *Memoria sobre a situación económica e social de Galicia* correspondente a 2015, ademais dos dous ditames que solicitados neste ano, que versaron sobre asuntos tan importantes como a nova lei do solo e a de economía social de Galicia.

Entre as actividades que se abordaron este ano, salienta a celebración de dúas xornadas de estudio, análise e reflexión sobre aspectos específicos da nosa realidade que, organizadas en colaboración co IDEGA da Universidade de Santiago de Compostela.

Mantivemos tamén a colaboración con outros CES españois e seguimos a participar na organización de organismos similares do fachada atlántica europea a través da Rede Transnacional Atlántica (RTA), que ven de aprobar un estudio sobre a implementación da estratexia atlántica europea que foi presentado en Bruselas. Así mesmo, neste ano a nosa sede de Santiago de Compostela foi o esceario dunha reunión do comité executivo da organización.

**Corina Porro Martínez**
*Presidenta*

# Qué é o CES

## • Natureza, finalidade e funcións

O Consello Económico e Social é un organismo consultivo da Xunta de Galicia en materias socioeconómicas. Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, o CES configúrase como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da Comunidade Autónoma.

O CES de Galicia foi creado pola devandita Lei 6/1995, do 28 de xuño, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, para facilitar a participación de tódolos galegos na vida política, económica e social e atender a aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas podan ser tidas en conta no proceso de adopción de decisións por parte do Executivo autonómico.

No CES está representado un variado abano de organizacións socio-profesionais, entidades e asociacións de todo tipo –desde os sindicatos ás Universidades, dos pescadores aos consumidores–, o que lle confire o seu especial carácter de foro permanente de diálogo e deliberación entre a sociedade civil organizada e a

Xunta de Galicia para o exercicio da súa función consultiva.

Este labor aplícase non só á actividade normativa gubernamental, senón mesmo á elaboración, por iniciativa propia, de estudos e informes que conteñan propostas encamiñadas a unha eventual introducción de reformas nas políticas públicas aplicadas nos diferentes sectores de actividade.

O Consello é un organismo independente do Executivo autonómico. Na súa composición, a diferencia do que acontece con órganos homólogos doutras comunidades autónomas, non figura ningún representante do Goberno.

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ao Consello son as materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, en concreto as relativas á economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, enerxía e industria, vivenda e mercado único europeo.

Queda fóra deste ámbito de competencias e eido das relacións laborais, atribuído en exclusiva ao Consello Galego de Relacións Laborais.

O presidente da Xunta de Galicia é o encargado de solicitar do Consello a emisión de ditames ou informes de carácter preceptivo sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos lexislativos

ou plans xerais ou sectoriais. Cando un depar- tamento ou consellería competente entenda que un proxecto non require ditame preceptivo, deberá xustificar, coa corres- pondente memoria explicativa, a non remisión do mesmo a este organismo.

• **Funcións**

Entre outras funcións, o CES emite **ditames** preceptivos sobre anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos que regulen materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Tamén pode ser consultado facultativamente para outros asuntos ou materias non comprendidas no apartado anterior.

O Consello tamén elabora **informes**, por iniciativa propia ou a petición da Xunta, sobre a realidade socioeconómica da Comunidade ou sobre plans o programas de desenvolvemento da mesma. Nese eido, pode dar a coñecer ao Goberno a súa opinión –o parecer dos seus membros– sobre a execución destes plans.

A participación en **mesas sectoriais** xunto con representantes da Administración é outra das funcións do CES.

A Lei recolle tamén a obriga de elaborar anualmente e remitir ao Consello da Xunta unha **memoria** sobre a situación económica e social de Galicia. Este traballo pode incluir opinións e recomendacións sobre as políticas gubernamentais.

• **Os membros do CES**

O Consello Económico e Social está formado por 35 membros: tres grupos de 11 membros, máis a presidenta e o secretario xeral.

• Grupo I: Os seus once membros son designados polas **organizacións sindicais** en función da súa representatividade. Neste momento, 4 membros corresponden a UGT–Galicia, 3 membros, á Confederación Intersindical Galega e 4 membros representan a Comisións Obreiras de Galicia.

• Grupo II: Corresponde ás **organizacións empresariais** con capacidade representativa. Os seus once membros son designados pola Confederación de Empresarios de Galicia.

• Grupo III: Acolle diversas **entidades e asociacións**. O sector agrario conta con catro representantes (segundo a representatividade obtida nas últimas eleccións agrarias, 2 membros de Xóvenes Agricultores, 1 de Unións Agrarias e 1 do Sindicato Labrego Galego); 2 membros do sector marítimo pesqueiro, designados polas confrarías de pescadores; 2 membros en representación do Consello Galego de Consumidores e Usuarios; e 3 representantes das Universidades galegas.

Cada membro ten un suplente para cubrir as súas eventuais ausencias ás reunións de traballo. Os membros son nomeados para

un período de catro anos, aínda que poden ser reemplazados pola súa organización en calquera momento. O sustituto permanecerá no cargo ata o final do período previsto para o seu antecesor.

**• Composición do Pleno en 2015**

A composición do plenario do CES é variable, xa que os membros poden ser substituídos polas súas respectivas organizacións en calquera momento do seu mandato por circunstacias diversas.

Tendo en conta esta precisión, e dado que unha composición actualizada en cada momento pode consultarse na páxina web do Consello, nesta Memoria de actividades se recollen os membros do Pleno do CES a 31 de decembro de 2015 (titulares e suplentes). Organizados por grupos e segundo a organización á que pertencen, son os seguintes:

Presidenta: María Corina Porro Martínez.
Secretario xeral: Juan José Gallego Fouz.

**MEMBROS TITULARES**
**Grupo 1.- Organizacións sindicais.**
*UGT–Galicia:*
José Carlos Rodríguez del Río, Delia Irene Martínez Conde, Carmen Brea Iglesias e Ernesto Fontanes Blanco.
*CIG (Confederación Intersindical Galega):*
Manuel Currás Meira, Fernando R. Acuña Rúa e Natividade

López Gromaz.

*CC.OO. de Galicia:*
Maica Bouza Seoane, Adela Poisa Baños, Juan Martínez García e María Jesús Fernández García.

**Grupo 2.- Organizacións empresariais.**
*CEG (Confederación de Empresarios de Galicia):*
Fausto Santamarina Fernández, Antón Arias Díaz Eimil, Javier Martínez López, Gabriel García Aparicio, Eugenio Geijo Carril, Ángel Hermida Lage, José Manuel Pérez Canal, José Manuel Fernández Alvariño, Francisco Serna Gómez, Carlos González Fernández e Juan B. Salle Barreiro.

**Grupo 3.- Outras entidades e asociacións.**
*Unións Agrarias de Galicia:*
Pedro González Boquete.

*Sindicato Labrego Galego:*
Ramón Barreiro Carnota.

*Xóvenes Agricultores:*
Antonio de María Angulo.

*Confrarías pescadores:*
Evaristo Lareo Viñas (baixura).
José Antonio Gómez Castro (marisqueo).

*Consello Galego de Consumo:*
Miguel López Crespo.
Otilia Novegil Villanueva.

*Universidade de Vigo:*
Xosé Henrique Vázquez Vicente.

*Universidade da Coruña:*
Amalia Blanco Louro.

*Universidade de Santiago de Compostela:*
Xóse Manuel Villanueva Prieto (substituíu a finais de decembro a Sara Cantorna Agra.)

**MEMBROS SUPLENTES**
**Grupo 1.- Organizacións sindicais.**
*UGT–Galicia:*
Eladio A. Romero Ares, Rosa Arcos Caamaño, Domingo Barros Montáns e Mar Alfonsín Madrigal.

*CIG (Confederación Intersindical Galega):*
Héctor López de Castro, Xavier Rodríguez Fidalgo e Margarida Corral Sánchez .

*CC.OO. de Galicia:*
Amelia Pérez Álvarez, Ascensión Esteban Ceballos, Demetrio Vázquez Martínez e José Manuel Lago Peñas.

**Grupo 2.- Organizacións empresariais.**
*Confederación de Empresarios de Galicia*:
José Antonio Neira Cortés, Verónica Val Vázquez, José Ramón Franco Caaveiro, José Manuel Rodríguez Tarrío, José Manuel Maceira Blanco, Ana García Caeiro, María de Miguel Pérez, Rafael Serrano Hernández, Araceli de Lucas Sanz, Ángel Fernández Presas e Marta Amate López.

**Grupo 3.- Outras entidades e asociacións.**
*Unións Agrarias de Galicia:*
Alba Torreira Puga.

*Sindicato Labrego Galego:*
María Jesús Vieites Calvo.

*Xóvenes Agricultores:*
Juan Pérez Sánchez-Orozco e Francisco Bello Bello.

*Confrarías pescadores:*
Jesús Ramón Longueira Suárez e Francisco Javier Martínez Durán.

*Consello Galego de Consumo:*
Rosa Celia Otero Raña e María Josefa Neira González.

*Universidade da Coruña:*
Ángel S. Fernández Castro.

*Universidade de Santiago de Compostela:*
José Pereira Fariña.

*Universidade de Vigo:*
Xulia González Cerdeira.

## • Órganos

A participación efectiva dos membros no traballo do CES artéllase a través de distintos **órganos colexiados**: o Pleno, a Comisión Permanente e as Comisións Sectoriais.

O Consello conta tamén con dous **órganos unipersonais**, a Presidenta e o Secretario Xeral.

O **Pleno** é o órgano de goberno do Consello. Está composto polos seus 35 membros, todos con dereito a voto agás o secretario xeral. O Pleno establece as liñas xerais de actuación do Consello e organiza o seu funcionamento interno, aproba os ditames, estudios ou informes, decide a elaboración doutros traballos e aproba tamén a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia.

A **Comisión Permanente** é o órgano colaborador do Pleno no goberno do CES. Está composta polo presidente, o secretario xeral

e nove membros titulares, tres de cada un dos grupos que o compoñen. Entre as súas funcións destaca a supervisión das actividades do organismo e a coordenación dos traballos das diferentes comisións. A Comisión Permanente eleva ao Pleno canto estima necesario para o mellor funcionamento do Consello.

As tarefas cotiás de elaboración de informes e ditames estás adscritas ás **comisións sectoriais**, grupos de traballo de nove membros que manteñen a representación proporcional do Pleno (con tres membros de cada un dos grupos do plenario). O CES funciona con catro comisións sectoriais especializadas por ámbitos:

- CS-1: Economía, emprego e sectores produtivos.
- CS-2: Sector público e benestar social.
- CS-3: Desenvolvemento rexional.
- CS-4: Memoria socioeconómica de Galicia.

A **presidenta** representa ao Consello e dirixe as súas actuacións, ademáis de velar polo bo funcionamento do mesmo, mentres que o **secretario xeral** é o órgano de asistencia técnica e administrativa do CES e o depositario da fe pública dos seus acordos.

O ámbito das funcións atribuidas ao Consello Económico e Social de Galicia corresponde ás materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, un amplo abano de actividades que teñen incidencia na vida cotiá das galegas e galegos.

Segundo o acordo tomado polo Consello da Xunta na súa reunión do día 18 de febreiro de 1999, *"enténdese por materias socioeconómicas as relativas a economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, industria e enerxía, vivenda e mercado único europeo"*.

**• Procedementos. Cómo funciona o CES.**

Para explicar o funcionamento interno dos distintos órganos do Consello para abordar o desenvolvemento das súas funcións, podemos distinguir entre o procedemento externo, que é o que se ten que seguir para solicitar do organismo un ditame, e os procedementos internos, as vías que segue esta petición ou calquera dos traballos que se encetan.

*• O procedemento externo.*
O procedemento establecido para que o Goberno galego solicite a actuación consultiva do CES foi definido tamén polo Consello da Xunta na devandita sesión de febreiro de 1999, nos seguintes termos:

*"1.- Correspóndelle ao Presidente da Xunta solicitar do Consello Económico e Social de Galicia a emisión de ditames ou informes sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais a que se refire o artigo 5.1.1. da Lei*

*6/1995, do 28 de xuño, así como aqueloutros dos que a solicitude teña carácter preceptivo.*

*2.- Os departamentos ou consellerías con competencias para a elaboración dos anteproxectos, proxectos e plans sinalados no apartado 1 deste acordo, cando fose preceptivo o informe do Consello Económico e Social de Galicia, de acordo coa súa lei de creación, interesarano do presidente da Xunta. A petición de dictames irá acompañada de toda a documentación necesaria para se poder pronunciar.*

*3.- Cando os departamentos ou consellerías competentes estimen que os anteproxectos, proxectos ou plans a que se refire o punto 1 deste acordo non requiren ditame preceptivo do CES-Galicia, xustificarán o dito extremo mediante a incorporación ao expediente dunha memoria, asinada polo secretario xeral, na que se precisen as razóns polas que non se considera preceptivo o ditame, salvo no caso de que este finalmente se interese."*

• *Procedementos internos.*

O seu Regulamento de Réxime Interno, aprobado polo Pleno na súa sesión de 29 de abril de 1996 (DOG do 11 de xuño de 1996) e modificado polo Pleno na sesión de 9 de marzo de 1999 (DOG do 24 de marzo de 1999) e na sesión de 22 de febreiro de 2001 (DOG do 15 de marzo de 2001), regula os procedementos internos do Consello, tanto o prodecemento xeral como os distintos procedementos específicos.

O **procedemento xeral** iníciase, unha vez recibida a petición de elaboración dun ditame, coa remisión da mesma por parte do presidente do Consello ao presidente da comisión sectorial competente segundo o asunto de que se trate. Á vez, notifícase esa remisión á Comisión Permanente e, por extensión, en virtude dun acordo plenario, a todos os membros do CES.

Unha vez recibido o encargo, no que se fixan tamén os prazos máximos para o remate do traballo, a comisión sectorial organiza o seu labor do xeito que considera máis oportuno, sempre contando co apoio dos servicios técnicos do Consello, en particular do Centro de Documentación e do Gabinete Técnico. Se se estima necesario, pode contar co asesoramiento de expertos externos.

Unha vez rematado o traballo e redactada unha proposta de ditame (os informes ou estudios iniciados por propia iniciativa seguen un proceso similar, agás na súa orixe), entrégaselle ao presidente do CES, que é o encargado de envialo á Comisión Permanente como paso previo á convocatoria do Pleno. Nalgún caso, e previa delegación do Pleno, a propia Comisión Permanente pódese encargar da aprobación dalgún dos traballos do Consello. No caso de que a aprobación corresponda ao Pleno (que é o habitual), a Comisión Permanente limitarase a coñecer o texto remitido pola comisión sectorial e convocar a celebración da sesión plenaria.

Antes da data sinalada para a mesma, os membros do Consello poden presentar as enmendas que estimen oportunas ao texto

proposto. Se se trata de enmendas totais, éstas deben ir acompañadas dun texto alternativo.

O Pleno debate o texto elaborado pola comisión sectorial e mais as posibles enmendas, que, sometidas a votación, son incorporadas ou non. Finalizado o debate, o texto final sométese tamén a votación para a súa aprobación. Se non se acadara unha maioría suficente, o texto podería volver a remitirse á comisión sectorial para a súa remodelación segundo os parámetros expresados na sesión. Se, polo contrario, a maioría dos membros do Pleno vota a favor do texto, o procedemento remata coa inclusión do resultado e os posibles votos particulares na resolución aprobatoria e a remisión do texto final á Xunta de Galicia.

Cada un dos traballos que aborda o Consello Económico e Social de Galicia ten o seu propio **procedemento específico** de elaboración aprobado pola Comisión Permanente, que son lixeiras variacións respecto a este esquema xeral para adaptalo ás características concretas dos informes, ditames, informes-opinión ou a Memoria socioeconómica.

# Xestión económico-administrativa

• **Organigrama técnico–administrativo**

Para o cumprimento dos seus fins, o Consello Económico e Social de Galicia conta cunha estructura de técnicos e persoal de administración, formada por nove traballadores, que se organiza en distintos departamentos.

• O **Gabinete Técnico** é o encargado da elaboración dos traballos preliminares para a redacción dos informes e ditames do Consello, cunha descrición e análise pormenorizada do obxecto do estudio. Está composto por dous expertos economistas. O Gabinete aporta as referencias estatísticas necesarias para os traballos, as analiza e prepara unha proposta da parte descriptiva do informe para a súa posterior avaliación por parte das Comisións Sectoriais. O seu labor céntrase na redacción da memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia e dos distintos informes e ditames que, por propia iniciativa ou a petición da Xunta de Galicia, elabora o Consello. A partir das súas propostoas, redáctanse ás consideracións, que son aportadas polos distintos membros da comisión sectorial competente.

• O **Centro de Documentación** e apoio ao Consello é o encargado de proporcionar ás Comisións Sectoriais, á Permanente e, no seu caso, ao Pleno do CES todos os datos que precisen para a correcta elaboración dos seus traballos. Tamén pon a disposición dos membros do Consello fondos e recursos documentais, en calquera lugar no que se atopen, na máis amplia gama de soportes. Xestionar eses fondos dunha maneira rápida e áxil é o fin último do Centro de Documentación do CES-Galicia.

A función do Centro de Documentación e apoio ao Consello é facilitar aos seus membros e ao Gabinete Técnico os materiais bibliográficos e documentais que podan necesitar para as súas reunións e para unha axeitada toma de decisións. O Centro ofrece información especializada na área socioeconómica aos membros do CES-Galicia e ao persoal técnico deste. Internet é nunha ferramenta básica para o traballo do departamento desde hai varios anos.

• O responsable do **Departamento de Xestión** encárgase de todas as funcións de xestión presupostaria e contable, da contratación de servizos e suministros, do seguimento das obras, reformas e manteñemento das instalacións e, dun xeito destacado, da xestión de recursos humanos do organismo.

• As tarefas de exteriorización da actividade do organismo artéllanse no **Gabinete de Comunicación**. Dunha banda, este departamento é o encargado, baixo a coordenación e con dependencia funcional do secretario xeral, do seguimento do proceso

dos procedementos que ten en marcha o Consello e o cumprimento dos prazos establecidos pola lei para o seu remate. As relacións cos membros do Consello son parte fundamental do labor diario. Por outra banda, o gabinete é o res- ponsable das relacións externas, das relacións cos medios de comunicación e da coordenación das publicacións do CES, entre elas a presente memoria. Entre as súas responsabilida- des inclúese tamén, en coordenación co Centro de Documentación, participar no contido da páxina web do Consello, na que estamos a incluír, nunha área privada para os membros, todo o material documental necesario para o desenvolvemento das distintas sesións das comisións sectoriais.

• O responsable da unidade de **Administración da rede informática**, que depende orgánica e funcionalmente do Centro de Documentación, encárgase do deseño e manteñemento dos sistemas de información e novas tecnoloxías do Consello, así como da crecente aplicación das mesmas ao traballo diario e mais á relación cos seus membros. Tamén está a traballar no soporte técnico da páxina web do Consello.

• Tres **auxiliares** administrativos–técnicos auxiliares en informática, que dependen organicamente do Departamento de Xestión e funcionalmente dos responsables das áreas ás que están adscritos, realizan o apoio administrativo necesario no desenvolvemento das actividades propias do Consello.

**• O orzamento**

O CES contou cun orzamento de 763.380 euros, moi similar ao de anos anteriores.

De xeito xeral, os gastos do Consello poden agruparse en tres grandes capítulos: capítulo I: gastos de persoal, que son a parte máis significativa; capítulo II: gastos de bens correntes e servizos externos, que inclúe as compensacións por asistencias dos membros; e capítulo VI: investimentos reais.

Os gastos de persoal sumaron 525.575 euros, aproximadamente dous terzos do total. En cumprimento da normativa estatal e autonómica relativa aos soldos e salarios do persoal ao servizo das Administracións públicas, esté capítulo mantivo a dotación orzamentaria do ano anterior.

As cantidades previstas para servizos como electricidade, limpeza, seguridade... foron axustadas ao máximo, en función dos novos contratos asinados á baixa. As asignacións por asistencias mantense na misma cantidade do ano anterior. En total, 235.345 euros.

Por último, contouse cunha mínima cantidade de 2.460 euros na partida relativa a investimento asociado ao funcionamento operativo, adicada á adquisición de equipamento diverso para procesos de información.

# Un ano de actividade

Entre as actividades desenvolvidas polo Consello Económico e Social de Galicia no ano 2015, en cumprimento das funcións que lle son propias, recollemos de seguido os documentos aprobados (neste ano, dous ditames e a memoria socioeconómica anual), as reunións celebradas polos seus órganos colexiados, cos seus acordos máis destacados. Tamén facemos un breve resumo da importante actividade institucional desenvolvida nestes doce meses, tanto no marco intercomunitario como no eido europeo, a través de habitual colaboración con órganismos homólogos na Rede Transnacional Atlántica (RTA).

Como sempre, información máis polo miúdo pode atoparse na web do CES, onde están dispoñibles todos os documentos a texto completo. Esta documentación pode atoparse no apartado de Publicacións ou procurarse a través do buscador.

## • Documentos aprobados. Ditames

Como se indicou en páxinas anteriores, unha das funcións básicas do Consello, das que veñen establecidas directamente na súa lei de creación, é a emisión de ditames, ademáis da elaboración dunha memoria sobre a realidade socioeconómica galega. En cumprimento deste mandado, en 2015 o CES emitiu dous ditame, en resposta a senllas solitudes recibidas do Goberno ga-

lego, e aprobou e publicou a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2013.

Os ditames, aprobado por unanimidade, foron os seguintes:

- Ditame 1/15, sobre o anteproxecto de Lei de economía social de Galicia.




Entre outros aspectos –o texto completo pode atoparse na web–, o ditame salienta que o texto inclúe *"Apréciase unha falta de concordancia entre o carácter xeral do título e finalidade expresados na lei, por unha banda, e o limitado alcance do seu contido, pola outra. O título fai referencia xenérica ao sector da economía social, e a finalidade expresa (Art. 2) é "recoñecer, fomentar e impulsar as entidades que integran a economía social [...]". No substancial, o texto legal redúcese á regulación da creación do Consello de Economía Social, limitándose nos demais aspectos a enunciar meros principios programáticos.*

**3.-** *O CES avalía positivamente a creación dun Consello de Economía Social, sen prexuízo das consideracións que se formulan de seguido, pois entende que cumpre moitas funcións que complementan ás do Consello Económico e Social de Galicia. A única función coincidente de ambos os organismos é a emisión de informes sobre as normas reguladoras que afecten á economía social ga-*

*lega, pero nada impide que emitan cadanseu informe".*

Así mesmo, menciona que *"este Consello valora de xeito negativo a regulación da participación institucional contemplada neste anteproxecto de lei que omite a participación das organizacións sindicais e empresariais máis representativas, polo que solicita que se adapte ao marco legal vixente".*




• Ditame 2/15, sobre o anteproxecto de Lei do solo de Galicia.

Na súa valoración, o CES considera que o anteproxecto contén aspectos positivos e outros mellorables, que dificultan a súa valoración de conxunto.

Entre os aspectos do anteproxecto que en opinión do CES merecen unha valoración positiva cómpre mencionar:

a) O esforzo por avanzar na simplificación e axilización administrativa.

b) A reorientación do modelo de desenvolvemento, dende un baseado no crecemento cara a outro máis sustentable, orientado ao fomento da rehabilitación, renovación e rexeneración urbana.

c) A introdución dun plan básico autonómico, que pro-

porciona un instrumento útil de planeamento aos municipios cuxo reducido tamaño limita severamente a dispoñibilidade de recursos para o desenvolvemento de plans propios, malia as consideracións referentes ao seu alcance que se formulan neste ditame.

Entre os aspectos a mellorar ou matizar no contido deste anteproxecto, o CES resalta os seguintes:

a) Apréciase unha elevada indeterminación nalgúns dos conceptos e termos empregados, o que podería crear inseguridade xurídica ou derivar en situacións de arbitrariedade. A modo de exemplo cómpre mencionar os artigos 17, 20, 35, 145 ou a disposición transitoria primeira.

b) A pesar de que na exposición de motivos se indica a aposta pola protección territorial, en particular pola defensa e respecto do solo rústico como solo produtivo e útil que debe ser recollida e potenciada, o CES considera que isto non ten o seu reflexo no articulado, xa que deixa boa parte da regulación sobre a materia a expensas de instrumentos de desenvolvemento. Isto supón unha rebaixa no grao legal de protección do solo rústico respecto da anterior normativa, polo que urxe á elaboración dos catálogos e plans sectoriais pendentes dada a inseguridade xurídica que a súa ausencia xenera.

c) Nalgúns ámbitos urbanísticos apréciase unha notable diverxencia entre as normas aplicables e as prácticas xe-

neralizadas, o cal introduce elementos de aleatoriedade que poden conducir a situacións de arbitrariedade na aplicación dos procedementos de disciplina urbanística.

d)No eido do planeamento, habería que afrontar unha flexibilización dos supostos de modificación, cando non afecte a determinacións relevantes (incrementos de intensidade, supresión de espazos dotacionais, etc.), por exemplo, cando se detecten erros evidentes nos planeamentos actuais ou cando os propietarios de terreos manifesten expresamente a súa vontade de cambio de uso polo cese da actividade que viñan realizando, sinaladamente no caso da concentración parcelaria.

- **Memoria sobre a situación económica e social**

Outra das funcións asignadas ao Consello é a elaboración dun estudio global sobre a situación socioeconómica da comunidade autónoma, o meirande documento que redacta este organismo cada ano. En cumprimenta desa disposición, o Pleno aprobou neste ano a *Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2014* (cada ano, estúdiase a situación sobre os datos estatísticos correspondentes ao exercicio anterior). Aprobado polo Pleno na súa sesión do 15 de xullo, o documento mantén unah estrutura de cinco capítulo, ademais dun apartado que recolle as opinións, as consideracións dos membros do Consello, as súas

inquedanzas consensuadas sobre distintos aspectos da vida económica e social de Galicia. Desde o CES, entendemos que éste é o principal valor do noso traballo.

Aínda que, como é habitual, esta Memoria 2014, como as anteriores, pode consultarse na páxina web do CES, recóllense de seguido as consideracións maís salientables aportadas polo Consello, agrupadas, segundo a estrutura do documento, en cinco apartados.

**1.- Panorama económico**

A mellora dos datos macroeconómicos ao longo do ano 2014 pon de manifesto un cambio de tendencia que debe ser apoiado dende os poderes públicos, para acadar a súa consolidación e así mesmo para corrixir os desequilibrios que persisten na nosa economía, como a aínda débil actividade dos sectores, o elevado endebedamento e as persistentes taxas de desemprego.

A consolidación do crecemento económico e a reactivación da actividade en determinados sectores está intimamente relacionada coas posibilidades de acceso ao crédito. A adopción de medidas monetarias expansivas convencionais e non convencionais, por parte do Banco Central Europeo, deberían traducirse nunha expansión do crédito.

A profundidade da crise económica e os seus graves efectos sobre a realidade social e económica teñen como consecuencia que os obxectivos a acadar polas políticas instrumentadas poidan

quedar obsoletos ou, nalgúns casos, inalcanzables. A operatividade dos plans e estratexias debe basearse en obxectivos revisables, motivadores e adaptados ás posibilidades reais de acadalos.

O CES entende que as medidas para mellorar a eficiencia nos servizos públicos non deben colisionar coas condicións de traballo do persoal do sector público.




Dende o CES enténdese necesario reclamar máis atención orzamentaria ás partidas de Sanidade, Educación e Protección e Promoción Social.

A inercia demográfica galega necesita, para cambiar a súa tendencia, dun crecemento económico sostible, duradeiro e xerador de emprego, con atención especial ás áreas estratéxicas, asentado sobre políticas activas de conciliación familiar.

**2.- Mercado de traballo e relacións laborais**

O CES insta á adopción de medidas para superar a progresiva perda de poboación activa dos últimos anos en Galicia, así como para corrixir a preocupante situación na que se encontra a mocidade galega, en particular, as situacións de desvinculación do mercado laboral.

Os cambios nas relacións no emprego, cun menor peso do sector asalariado, orixinan grandes retos para os gobernos de cara a deseñar políticas que freen as desigualdades e que desenvolvan unha cobertura social para atender estas novas circunstancias.

O CES considera moi preocupante a situación dos parados maiores de 45 anos e dos parados de longa duración, en moitos casos con cargas familiares, polo que insta aos poderes públicos a que adopten medidas que palíen a situación actual e que fomenten a reinserción laboral.

O CES pon de manifesto a importancia de seguir insistindo na formación correcta e específica en prevención de riscos laborais á hora de desempeñar un traballo.

Ante os riscos de polarización e incremento das desigualdades laborais, o CES considera fundamental potenciar unha oferta educativa e formativa que favoreza o aproveitamento de novas oportunidades e dinamice o mercado de traballo.

**3.- Tecido produtivo**

O CES quere chamar a atención sobre a importancia da creación de empresas, en calquera das súas formas xurídicas, como porta de entrada ao mercado laboral. É por iso que as políticas destinadas á eliminación de barreiras administrativas e á creación de estímulos para apoiar iniciativas viables como fonte de creación de riqueza e emprego son un eixo fundamental no afianzamento

do noso tecido empresarial.

Nunha era de cambio tecnolóxico intenso e globalización económica, a industria manufactureira está sufrindo fortes presións competitivas tanto de países con altas taxas de I+D como de países de baixos custos laborais e medioambientais. A consecuente caída do VEB, superior ao 20% dende 2008, non só está xerando importantes prexuízos sobre o emprego directo industrial, senón que ademais está a exercer un efecto multiplicador negativo sobre o desenvolvemento dunha parte importante das actividades de servizos que forma parte da súa cadea de valor. O CES reclama unha maior atención para o sector industrial que frene a reducción do seu peso relativo.

Ante o desigual comportamento dos sectores produtivos, o CES insiste na necesidade de impulsar políticas de fortalecemento da demanda interna a través do investimento, tanto público como privado, cunha utilización eficiente dos fondos públicos.

Considérase necesario consolidar unha estratexia de dinamización dos sectores tractores da economía galega e que se acompañe das reformas e estímulos necesarios. Todo iso sen menoscabo de fomentar a creación de valor engadido noutros sectores emerxentes de menor recorrido que requiren apoios específicos tales como un acceso a fontes de financiamento ou a mercados exteriores.

O sector primario é esencial en Galicia pola súa importancia eco-

nómica, social e cultural; ademais, é determinante nalgunhas localidades, tanto de interior como de costa, pola súa excesiva dependencia do mesmo. O sector agrario actúa tamén como instrumento de fixación da poboación no sector rural. Por iso, cómpre desenvolver políticas que sitúen ó sector primario como un dos sectores estratéxicos e de futuro da economía galega.

O CES quere poñer de manifesto a urxencia de implementar medidas concretas sobre os seguintes eixos:

1.- Impulsar un entorno administrativo flexible que estimule a instalación de novas empresas e o crecemento das pemes actuais.
2.- Aumentar os niveis de investimento en investigación e innovación para xerar novo coñecemento en actividades con fortalezas previas e modernizar tecnoloxicamente a base industrial do país.
3.- Vixiar os prezos enerxéticos, máis altos que a maioría dos nosos principais competidores, e que afectan directamente á estrutura de custos freando a súa competitividade.
4.- Facilitar o acceso a insumos básicos, particularmente á man de obra cualificada e financiamento.

O CES considera necesario apoiar a rexeneración do sector da construción a través da innovación, a recualificación da man de obra, a rehabilitación, a sostibilidade e a eficiencia enerxética.

O CES insiste na necesidade de eliminar os obstáculos que per-

sisten no acceso ao financiamento e dotar de créditos tanto ás empresas como aos fogares.

O CES reitera a necesidade de seguir desenvolvendo medidas de apoio á internacionalización da nosa economía, impulsando o esforzo que veñen realizando nos últimos anos os sectores e/ou empresas que teñen maiores dificultades para a procura de oportunidades noutros mercados.

**4.- Calidade de vida e benestar social**

O CES insiste na súa preocupación polas consecuencias derivadas do maior envellecemento da poboación galega e considera que os servizos públicos deben atender con maior eficiencia as súas necesidades.

O CES insta a garantir unha sanidade de calidade que faga fronte á presión asistencial existente en Galicia derivada da súa estrutura demográfica e territorial.

O CES entende que é necesaria a implantación de políticas ou medidas que aseguren que todas as persoas teñan as mesmas oportunidades e os recursos necesarios para participar plenamente na vida económica, social e política, e así evitar a exclusión social dunha parte da poboación.

Ínstase aos poderes públicos a levar a cabo as medidas necesarias para erradicar a crecente problemática da pobreza infantil.

Ante o déficit de cobertura por desemprego existente e o forte risco de exclusión social das persoas desempregadas, o CES reclama o reforzamento das políticas de protección social, sen menoscabo das políticas activas de emprego para a mellora da empregabilidade.

O CES entende prioritario que se tomen todas as medidas necesarias para que todas as persoas que teñan recoñecido o dereito a unha prestación por estar nunha situación de dependencia accedan á mesma, eliminando así a lista de espera existente.

Demándase a creación de centros públicos para a atención a persoas con enfermidades mentais, dotando aos mesmos de prazas específicas para atención a menores, tanto para ingresos hospitalarios como para atención ambulatoria.

Dende o CES reclámase un maior compromiso para a sostibilidade e consolidación do sistema de pensións, baseado na solidaridade e a equidade.

O CES quere chamar a atención sobre o retraso na publicación de datos en ámbitos especialmente sensibles como poden ser os da Risga e as Axudas de emerxencia social, nun contexto tan difícil como o actual onde hai un número elevado de fogares en dificultades e de persoas que levan máis de 2 anos en situación de desemprego.

O CES demanda o cumprimento das directrices eficientes que garantan a compatibilidade entre a necesaria dinamización e crecemento da actividade produtiva e o respecto á protección medioambiental e á calidade de vida como piar fundamental do desenvolvemento económico de Galicia.

**5.- Recursos e capacidades para o desenvolvemento**
Dende moitos puntos de vista, resulta fundamental que os menores rematen o ciclo mínimo de educación establecido, para o que é necesario desenvolver medidas que poidan evitar os custos da repetición de curso en termos de abandono escolar sen caer na promoción automática dos rapaces. É desexable que existan diferentes velocidades dentro da mesma aula ou do mesmo curso, o cal require dunha reflexión pausada sobre os recursos humanos e tecnolóxicos que son necesarios.

A educación universal debe ter como elementos de base a equidade, o fomento da igualdade de oportunidades e da conciliación familiar, para o que os programas de bolsas e axudas públicas concedidas polas diferentes administracións son esenciais.

O valor das nosas universidades está asociado á excelencia profesional do seu profesorado. Despois de catro anos de severas restricións á contratación e á promoción por mor da taxa de reposición en todo o sector público, a calidade da investigación e da docencia está sufrindo fortes presións que se prolongarán

durante moitos anos. Nestas condicións, parece oportuno deseñar un programa de captación de talento cun estándar internacional.

**• Reunións dos órganos colexiados**

Para cumprir as súas funcións, o CES organízase en comisións sectoriais de traballo, ademáis dunha Comisión Permanente e o Pleno. A súa composición e estrutura poden consultarse na primeira parte desta memoria de actividades e, como todo o resto do material documental, na web do Consello.

A actividade deste exercicio, que neste eido estivo un pouco por baixo do que é habitual dada a pequena demanda de actividade consultiva orixinada pola Xunta de Galicia, demandou a celebración de cinco sesión plenarias, seis reunións da Comisión Permanente e .......................... sesións das distintas comisións sectoriais que elaboran as propostas dos traballos. Resúmense de seguido os cometidos abordados por estes órganos colexiados.

**Pleno: 5 sesións**

| | |
|---|---|
| 1/15 | 6 de xullo |
| 2/15 | 29 de xullo |
| 3/15 | 7 de setembro |
| 4/15 | 23 de setembro |
| 5/15 | 8 de outubro |

**Comisión Permanente: 6 sesións**

| | |
|---|---|
| 1/15 | 26 de febreiro |
| 2/15 | 1 de xullo |
| 3/15 | 7 de setembro |

| | |
|---|---|
| 4/15 | 21 de setembro |
| 5/15 | 6 de outubro |
| 6/15 | 16 de decembro |

**Comisión sectorial nº 1: 0 sesións**

Aínda que a Comisión sectorial nº 1, *Economía, emprego e sectores produtivos*, é habitualmente unha das máis activas, dado que o seu ámbito de actuación é moi amplo e abrangue multitude de campos, neste exercicio o seu labor non foi moi demandado polo antedito baixo nivel de petición de ditames.

Como consecuencia, non celebrou ningunha reunión.

**Comisión sectorial nº 2: 9 sesións**

A Comisión sectorial nº 2, *Sector público e benestar social*, foi unha das máis activas neste exercicio, ao ter que facer fronte as peticións de ditames.Celebrou nove sesións de traballo.

| | |
|---|---|
| 1/15 | 17 de xullo |
| 2/15 | 14 de agosto |
| 3/15 | 2 de setembro |
| 4/15 | 4 de setembro |
| 5/15 | 7 de setembro |
| 6/15 | 10 de setembro |
| 7/15 | 11 de setembro |

| | |
|---|---|
| 8/15 | 15 de setembro |
| 9/15 | 17 de setembro |

**Comisión sectorial nº 3: 0 sesións**

A Comisión sectorial nº 3, *Desenvolvemento rexional*, é a encargada da redacción dos informes territoriais que ven desenvolvendo o CES. Neste ano non celebrou ningunha sesión, pendente das actualizacións estatísticas no primeiro borrador do informe sobre Ferrol e a súa área de influencia.

**Comisión sectorial nº 4:  9 sesións**

Como cada ano, a Comisión sectorial nº 4, *Memoria socioeconómica*, elaborou a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2014, para o que foron necesarias nove sesións. O seu esforzo volveu permitir que se cumprira co obxectivo de ter aprobado o documento antes do verán.

| | |
|---|---|
| 1/15 | 23 de abril |
| 2/15 | 30 de abril |
| 3/15 | 7 de maio |
| 4/15 | 13 de maio |
| 5/15 | 21 de maio |
| 6/15 | 28 de maio |
| 7/15 | 4 de xuño |
| 8/15 | 11 de xuño |
| 9/15 | 18 de xuño |

**• Actividade institucional e proxección**

Xunto coa a súa actividade interna, dirixida á plasmación do seu labor consultivo, o CES desenvolve tamén actividades externas, de colaboración con outros organismos similares ou de participación en organizacións de ámbito europeo, nun intento de proxectar á sociedade os pareceres, as opinións, as inquedanzas sociais e económicas das organizacións, entidades e asociacións representadas no seu seo.

Neste eido, unha das vías de proxección pública que está a utilizar o Consello nos últimos exercicios é a colaboración cos outras institucións. Xunto á habitual traballo en común que se ven facendo cos outros CES autonómicos e o CES do Estado, ademáis da participación con organismos homólogos de Europa a través da RTA –xa se falou desta rede en páxinas anteriores–, afondamos no entendemento e o traballo común coa Universidade de Santiago de Compostela, concretamente co seu instituto de estudios económicos de Galicia (Idega), na forma de xornadas de estudio e mesmo na dotación conxunta dun premio de investigación socioeconómica.

Destas actividades, que tamén recollemos na web do Consello cando se producen, damos conta de seguido.

## Galicia participa no encontro anual dos CES autonómicos 2014, celebrado en Sevilla

26 e 27 de xuño

Sevilla foi o escenario do encontro anual dos Consellos Económicos e Sociais autonómicos 2014 no que, un ano máis, estivo presente o CES de Galicia. Con estas reunións anuais, estes organismos consultivos intercambian experiencias, coordinan actuacións e buscar aproveitar as sinerxías para acadar unha maior efectividade nas súas funcións. Nesta ocasión, o CES de Andalucía foi o encargado de organizar o encontro.

Nas reunións, que se celebraron os días 26 e 27 de xuño na Casa de la Provincia, o CES de Galicia estivo representado pola súa presidenta e máis o secretario xeral. O encontro foi inaugurado polo presidente do CES de Andalucía, Ángel Gallego, e o presidente da Deputación de Sevilla, Fernando Rodríguez.

## Xornada de análise sobre o desemprego na xuventude galega

29 de abril

Dentro do devandito marco de colaboración entre o CES e o IDEGA, a finais de abril celebrouse na sede do Consello unha xornada de estudio sobre a complicada situación laboral da xuventude galega. Esta reflexión reuniu, o día 14 de maio, a algúns dos

principais especialistas de Galicia neste campo. Organizada en colaboración co Insituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da USC, a xornada levou por título “Situación actual e perspectivas laborais da xuventude galega” e contará coa participación de expertos da institución universitaria, centros de estudos e con representantes das organizacións membros do CES.

Entre outros aspectos, os asistentes puideron profundizar nas tendencias demográficas na comunidade autónoma, tanto actuais como futuras, comparacións entre o desemprego xuvenil en Galicia e noutras zonas de Europa ou a exclusión social e o crecemento da desigualdade, ademáis das consecuencias da saída de migrantes xóvenes.

O formato destes xornadas, que seguimos a organizar tamén neste ano, contempla unha mesa redonda de debate sobre posibles reformas e propostas de actuación na que participan os membros do Consello.

Representantes dos axentes económicos e sociais membros do CES presentaron as súas propostas para combatir o desemprego xuvenil, un dos graves problemas que ten Galicia, nesa mesa redonda coa que rematou a xornada

.

**Conferencia en Bruselas sobre o papel da sociedade civil na execución da Estratexia Atlántica Europea, coa RTA**

16 de maio

Atopar os mecanismos axeitados para acadar a máxima implicación e participación efectiva dos actores da sociedade civil no desenvolvemento da Estratexia Atlántica europea. Este é o ambicioso reto que se plantexan os consellos económicos e sociais agrupados na Rede Transnacional Atlántica (RTA), na que participa o Consello Económico e Social de Galicia. Con este obxectivo, representantes da RTA participaron en Bruselas nunha conferencia co Comité Económico e Social Europeo (CESE) para avaliar o papel da sociedade civil na estratexia da UE para a rexión atlántica.

Na conferencia, que foi aberta polo presidente do CESE, Henri Malosse, e o presidente da RTA, Juan María Otaegui, do CES vasco, o CES–Galicia estivo representado pola súa presidenta, Corina Porro Martínez, e o secretario xeral, Juan José Gallego Fouz.

Con esta participación preténdese lograr que, a través do Comité Económico e Social Europeo, se faga chegar a voz da sociedad civil das rexións implicadas na estratexia da UE para a rexión atlántica ás altas institucións comunitarias.

Na súa intervención, a presidenta do CES-Galicia insistió na necesidade de mellorar as canles de comunicación de cara á socie-

dade civil, para que se coñeza e se acepte como propia a estratexia comunitaria por parte dos actores implicados. Corina Porro aproveitó tamén a ocasión para dirixirse á responsable de DG MARE e preguntar polo financiamento previsto para as autoestradas do mar. Dada a importancia da conectividade dos portos coas súa zonas de influencia, que nalgúns casos son moi amplas, a presidenta advirtiu que as actuacións non poden acabar nas propias infraestruturas portuarias e preguntouse se as zonas non estrictamente marítimas serán tidas en conta nos novos instrumentos.

**Nutrida participación e interese na xornada sobre o futuro do sector lácteo**

5 de maio

Cunha nutrida participación se celebrou o pasado día 5 nas instalacións do CES a xornada do Idega "O futuro do sector lácteo galego nun horizonte sen cotas".

A desaparición do sistema de cotas de produción vixente nos últimos anos coloca ao sector lácteo diante dun novo esceario que amosa numerosas incertidumes. Analizar a situación que se presenta, os seus retos e as actuacións prioritarios para abordala foron os obxectivos da xornada.

Investigadores, gandeiros e membros das organizacións agrarias,

empresarios do sector e representantes da Administración déronse cita para estudiar polo miúdo a situación actual do sector lácteo galego e, principalmente, os retos que ten que enfrontar ante a desaparición das cotas, cal pode ser o futuro da industria láctea de Galicia nun mercado liberalizado e os mecanismos de adaptación que deberá asumir.

Como en anteriores ocasións, logo de varias intervencións de expertos do Idega, das empresas do sector e de coñecer a visión da Consellería de Medio Rural e do Mar, celebrouse unha mesa redonda para debater se a desaparición das cotas pode ser unha ameaza para o sector ou unhafonte de oportunidades de cambio e mellora.

A xornada contoucoa presencia dun representante da Consellería, da Asociación de Empresas Lácteas de Galicia e con expertos das tres organizacións agrarias membros do CES: Xóvenes Agricultores, Unións Agrarias e o Sindicato Labrego Galego. Entre todos, perfectos coñecedores dos distintos aspectos da realidade do sector, amosaron a súa visión sobre qué actuacións son prioritarias para garantir o futuro dunha actividade moi destacada no sector primario de Galicia.

A xornada constitúe un novo paso no camiño de colaboración que o CES ven mantendo co Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (Idega) da USC para achegar a investigación puntera en materias socioeconómicas de especial relevancia aos actores da sociedade civil.

**Un estudio sobre os efectos do turismo nunha economía rexional gaña a segunda edición do premio Valentín Paz Andrade**

*Recoñecemento do CES, en colaboración co Idega da USC, aos traballos de investigación en economía de Galicia*

O estudio titulado 'Tourism and income distribution: evidence from a developed regional economy' foi o gañador da segunda edición do Premio de Investigación en Economía de Galicia Valentín Paz Andrade, convocado polo CES-Galicia e o Idega da USC co obxecto de recoñecer aqueles traballos de investigación que contribúan ao mellor coñecemento da realidade económico-social de Galicia e ao establecemento das mellores políticas para contribuír ao benestar dos seus cidadáns.

O traballo, asinado por André Carrascal Incera e Melchor Fernández Fernández, foi publicado en Tourism Management (2015). En opinión do xurado, o artigo foi elixido polo seu carácter innovador "ao abordar dende unha metodoloxía económica os efectos do turismo e, en concreto, a incidencia sobre as desigualdades internas a unha economía rexional". Ademais, na acta da súa reunión destacou tamén "o esforzo de construción dunha matriz de contabilidade social para medir os efectos obxecto de análise" e a inclusión de "recomendacións operativas de política económica que poden servir para mellorar a actuación dos poderes públicos neste campo".

A edición 2015 do Premio Valentín Paz Andrade destacou pola

"alta calidade de todos os traballos presentados", e fixo unha mención específica das súas publicacións finalistas ex aequo, a asinada por Carmen Gago Cortés e Isabel Novo Corti co título 'Políticas inclusivas de vivienda a través de la actuación municipal en la erradicación del chavolismo. El realojo del poblado de Culleredo', e 'Human-ignited wildfire patterns and responses to policy shifts', de M. I. Chas Amil, J. P. Prestemon, C. J. McClen e J. Touza.

**Xurado**

O xurado encargado da avaliación das propostas presentadas a concurso presidiuno o reitor Juan Viaño e integrárono a presidenta do Consello Económico e Social de Galicia, Corina Porro; o director do Idega, Xoaquín Fernández Leiceaga; o integrante do mesmo Instituto, Xoán Carmona Badía; Juan Gallego Fouz, en representación do CES; os ex presidentes da Xunta de Galicia, os profesores Fernando González Laxe e Emilio Pérez Touriño; e o profesor da Universidade de Vigo Alberto Gago Rodríguez.

Ademáis desta colaboración co CES, o Idega fixo entrega tamén do galardón Jesus García Calvo en investigación en desenvolvemento rural e cooperación, co apoio de Feiraco, que correspondeu a Diego Conde Gómez por un traballo sobre a figura de Rof Codina. Na cerimonia de entrega dos premios, que tivo lugar este mércores no Salón Nobre do Colexio de Fonseca e que presidiu o reitor da USC, Juan Viaño, participaron tamén a presidenta do CES, Corina Porro, o presidente da Fundación Feiraco, José Montes Pérez, e o director do Idega, Xaquín Fernández Leiceaga.



De esquerda a dereita, Corina Porro, Álvaro García, Diego Conde, Melchor Fernández, Juan Viaño, José Montes, Fernández Leiceaga e González Laxe (Foto: SERVIMAV-USC)

**Os nosos proxectos para 2015**

A continuidade e a consolidación das iniciativas desenvolvidas en 2014 é o obxectivo das actividades previstas inicialmente para o vindeiro ano, nas que estase xa a traballar. Entre outras, cómpre salientar as seguintes:

**1.-** Emisión de ditames con carácter preceptivo ou facultativo.

**2.-** Estudos ou informes por propia iniciativa ou a petición da Xunta de Galicia.

Ao longo do 2015 está previsto continuar coa nova liña de informes territoriais, concretamente co xa iniciado sobre Ferrol e a súa área de influencia. Tentamos levar a cabo un diagnóstico da situación económica e social dun territorio que abarca un total de vinte concellos e, a partires do mesmo, plantexar as directrices estratéxicas sobre as que basear a mellora do posicionamento e da competitividade da área.

**3.-** Memoria sobre a situación económica e social en Galicia

Como todos os anos o CES elaborará a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia sobre a base dos novos criterios de elaboración establecidos pola Comisión Sectorial 4 no mes de xuño do pasado ano e que se pretende que servan sempre de referente para a elaboración das sucesivas Memorias.

**4.-** Xornadas, seminarios ou encontros

Dentro das previsión para o ano 2015 estase na idea de organizar ou colaborar en distintas xornadas, sacando o máximo partido da colaboración establecida co Idega. Neste senso, trabállase na organización dunha "Xornada sobre pobreza e exclusión social", a finais de xuño. Baixo a mesma fórmula de organización, quedaría pendente, cara ao último trimestre do ano, unha "Xornada sobre o envellecemento poboacional: retos e impactos na economía galega".

A estrutura da sesión mantendría a das xa celebradas, cun acto de presentación, dúas ponencias de conferenciantes de primeiro nivel e unha mesa redonda onde contaríase coa presenza de especialistas e, ademáis, de representantes dos tres grupos do CES.

A colaboración co Idega plasmarase tamén en outras dúas xornadas, aínda sen data concreta, para as que desexa contar coa nosa colaboración: unha sobre "Realidades e retos do sector de transformados do mar" e outra sobre o "Presente e o futuro do sector do viño".

**5.-** Convenios de colaboración

O CES mantén unha normal colaboración con distintas institucións galegas naqueles ámbitos nos que cotiamente actúa, xenéricamente referidos ás materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

Salienta a relación coas Universidades, institucións que xa están representadas no Pleno do organismo. Consolidada xa unha estreita colaboración coa Universidade de Santiago, especialmente a través do Idega, téntase ampliar a dita colaboración a todas as universidades galegas. Os rectores xa confirmaron o seu interés nesta colaboración.

Tamén iniciáronse contactos tanto co Instituto Galego de Estatística (IGE) como con o Centro Informático da Xunta (CIXTEC). No primeiro caso trátase de que o IGE preste apoio técnico ao CES. No caso do CIXTEC trátase, de igual forma, de que este centro preste ao CES asistencia técnica e loxística aos soportes informáticos habituais dos que se dispoñe.

**7.-** Páxina web

Está previsto crear unha nova sección sobre conxuntura económica, na que periódicamente se presenten os datos correspondentes aos indicadores máis relevantes que afectan á economía galega.

**8.-** Participación na Red Transnacional Atlántica (RTA)

A pretensión da RTA para este ano de 2015, logo de rematar o estudio sobre“Condicións para a efectiva realización práctica da Estratexia Marítima Atlántica: apropiación, implementación e

papel da sociedade civil", é realizar un seguimiento permanente deste Programa comunitario, tratando de detectar en todo momento as disfuncións ou desviacións que poidan producirse na súa aplicación, sendo esta a liña de traballo que se vai seguir nos próximos meses.